

OCUPESCA 2023

ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS
SECTORES DA PESCA E DA ACUICULTURA
MARIÑA EN GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS SECTORES DA PESCA E DA ACUICULTURA MARIÑA EN GALICIA

OCUPESCA 2023

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Santiago de Compostela

2025

Servizo de Análise e de Rexistros

**Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica**

Praza de Europa 5ª - 4º Fontiñas

15781 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 547 468

Enderezo electrónico: sarex.mar@xunta.gal

Elaboración:

Servizo de Análise e de Rexistros (SAREX). Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. Xunta de Galicia.

Entidades colaboradoras:

Instituto Galego de Estatística (IGE).

Traballo de campo, deseño e maquetación:

IDEARA, SL

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería do Mar

Agradecementos:

A todas as persoas enquisadas dos sectores galegos da pesca extractiva e da acuicultura mariña que facilitaron a información necesaria para obter os resultados da presente publicación.

ÍNDICE

PRÓLOGO	5
INTRODUCCIÓN.....	7
METODOLOXÍA	8
PRINCIPAIS RESULTADOS.....	11
1. PESCA EXTRACTIVA.....	11
1.1. Ocupación na pesca extractiva.....	11
1.2. Ocupación por xénero, idade e nacionalidade	14
1.3. Distribución xeográfica da ocupación	16
1.4. Ocupación por situación profesional.....	18
2. ACUICULTURA MARIÑA	22
2.1. Ocupación por estrato	22
2.2. Ocupación por xénero, idade e nacionalidade	25
2.3. Distribución xeográfica da ocupación	27
2.4. Situación profesional das persoas ocupadas.....	29
3. DATOS ECONÓMICOS.....	33
3.1. Facturación na pesca extractiva	33
3.2. Facturación na acuicultura mariña	34
4. EVOLUCIÓN.....	36
4.1. Evolución da pesca extractiva	36
4.2. Evolución da acuicultura	41

PRÓLOGO

Galicia é a principal rexión pesqueira da Unión Europea. Un liderado consolidado nas últimas décadas que demostra a capacidade e competitividade do noso sector pesqueiro e acuícola que soubo repoñerse ás dificultades e afrontar os novos retos con resiliencia mostrando unha gran capacidade de adaptación. Así o amosan os datos recollidos na nova edición da enquisa Ocupesca 2023, que permite ter unha fotografía completa da realidade dunha actividade complexa da que dependen ao redor de 15.500 empregos e que representa unha facturación conxunta anual de preto de 1.200 millóns de euros. Unha análise detallada que nos permite dispoñer de datos actualizados sobre emprego, características demográficas, condicións laborais ou facturación, ofrecendo unha mellor comprensión das dinámicas do sector.

Unhas cifras que reflicten o carácter estratéxico da pesca extractiva e da acuicultura na nosa comunidade. Así o entendemos desde o Goberno galego que acompaña ao sector ante os desafíos actuais marcados pola reforma do marco normativo comunitario recollido na Política Pesqueira Común, partindo da premisa da necesidade de garantir a soberanía alimentaria do continente. Afondar na sostibilidade da actividade extractiva e mellorar a valorización dos nosos produtos son outras liñas de traballo irrenunciáveis e que deben ser acometidas desde o traballo conxunto de todos os axentes implicados. A unión é a maior garantía de que imos a ter éxito nesta complicada tarefa.

A pesca extractiva é unha actividade arraigada na nosa identidade como pobo que tivo que aprender a adaptarse aos cambios que ían xurdindo, dando como resultado unha frota presente en caladoiros de todo o mundo e referente internacional en sostibilidade. Unha frota de case 4.200 barcos na que, con pequenos pasos pero firmes, vai gañando peso a muller na súa masa laboral que destaca pola estabilidade do emprego, cunha clara predominancia dos contratos indefinidos. A isto axudou o crecemento notable da facturación media por persoa ocupada en case un 67% desde o 2011 ata superar os 82.000 euros.

Pola súa banda, o noso sector acuícola continúa dando mostras de fortaleza ante as dificultades cun tecido empresarial de 2.510 empresas, das cales o 73,5% corresponde á miticultura. O grupo de establecementos de criadeiros, granxas, liñas e gaiolas, que supón o 14% do emprego, continúa gañando peso en termos de facturación representando na

actualidade máis do 47%, destacando tamén pola produtividade cunha maior rendibilidade económica chegando os seus ingresos por persoa empregada ata os 223.000 euros. Unha cifra que contrasta cos 65.000 euros do conxunto do sector, cun crecemento de máis do 40% desde o 2011.

Os datos tamén poñen en riba da mesa o impacto dos efectos do cambio climático na actividade produtiva, así como un reparto das posibilidades de pesca que nos últimos anos non atenderon ao debido equilibrio entre os factores ambientais, económicos e sociais. Nesta liña, observamos un incremento no emprego nos caladoiros en pesqueiras internacionais fronte ao descenso nos caladoiros nacionais ou comunitarios.

Por outra banda, desde a Xunta somos conscientes de que a remuda xeracional é outro dos retos aos que se enfrenta a pesca e acuicultura galega, cuxos cadros de persoal superan os 55 anos nun 17% e 31% respectivamente. Isto contrasta coas cifras de menores de 34 anos con cifras sensiblemente inferiores do 16% e 14,5%. Neste contexto cobra un maior valor a actividade formativa de excelencia que desenvolven os nosos centros de formación, ámbito no que investimos este ano 12,3 millóns de euros.

Polo tanto, o informe Ocupesca 2023 pon cifras ao traballo colectivo de dous sectores esenciais para a nosa comunidade, especialmente para as comunidades costeiras, cuxo papel transcende ao económico polo seu impacto á hora de fixar poboación no noso litoral. Contamos cos mellores profesionais, as mellores augas e os mellores produtos recoñecidos nos mercados polo seu sabor e excelente calidade. Os nosos antepasados foron pioneiros en facer de Galicia un referente mundial no eido da pesca e os cultivos mariños. Agora temos a responsabilidade de continuar o seu traballo, co compromiso de trasladar ese legado aos galegos e galegas do mañá.

Alfonso Villares Bermúdez
Conselleiro do Mar

INTRODUCCIÓN

A enquisa Ocupesca 2023 volve ofrecer unha análise detallada da situación laboral nos sectores da pesca extractiva e da acuicultura mariña en Galicia, permitindo coñecer a evolución destas actividades estratéxicas para a economía mariña galega. A súa realización en anos anteriores evidenciou a importancia de dispoñer de datos actualizados sobre o emprego, as características sociodemográficas da poboación ocupada, as condicións laborais e a evolución da facturación, permitindo así unha mellor comprensión das dinámicas do sector.

Nesta edición de 2023, obsérvase unha redución no número de embarcacións e tripulantes na pesca extractiva en comparación cos datos do 2021. A situación das cifras de emprego achégase ás rexistradas no ano 2019. A acuicultura mariña, pola súa banda, tamén presenta unha diminución no número de establecementos e persoas traballadoras, mantendo o predominio das bateas como principal actividade produtiva. Ademais, a análise dos datos permite constatar a evolución crecente experimentada de forma sistemática pola facturación media por persoa traballadora no caladoiro nacional de pesca, e nos parques de cultivo, no caso da acuicultura, en relacións cos anos anteriores.

Con esta nova edición de Ocupesca, preténdese continuar a ofrecer unha ferramenta de referencia para o seguimento da evolución do emprego nos sectores da pesca e acuicultura en Galicia, facilitando a toma de decisións, tanto para axentes institucionais como para o propio sector produtivo.

METODOLOXÍA

O estudo realizouse a partir dunha enquisa dirixida aos buques pesqueiros con porto base en Galicia e ás empresas que posúen establecementos de cultivo mariño na Comunidade Autónoma. A metodoloxía empregada segue os mesmos criterios das edicións anteriores, garantindo a comparabilidade dos resultados e a continuidade na serie histórica dos datos.

No caso da pesca extractiva cada unidade de mostraxe correspóndese cun único buque, mentres que no caso da acuicultura cada unidade de mostraxe se corresponde cunha empresa que pode ter máis dun establecemento e mesmo establecementos de distinto tipo. Tendo isto en conta, cando a empresa acuícola posúe establecementos de distinto tipo, a súa atribución a un ou outro estrato de mostraxe responde ao criterio da explotación principal, entendida como aquela que achega maior facturación á empresa.

Tendo como marco o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e a base de datos para a xestión de cultivos mariños de Galicia, o deseño de mostraxe realizado tivo como referencia un universo de 4.195 buques con porto base en Galicia e 2.510 empresas de acuicultura na Comunidade.

Partiuse, polo tanto, de dous universos de estudo distintos e polo tanto de dúas submostras específicas. Estas submostras dividíronse á súa vez en diferentes estratos, tal e como se amosa na táboa da seguinte páxina.

No caso da pesca extractiva este universo foi estratificado en función do caladoiro (nacional, comunitario ou internacional) e a arte de pesca principal (arrastre, cerco, arrastre e cerco, enmalle, palangre de fondo, palangre de superficie e artes menores), dando lugar a 10 estratos, sobre os que se procedeu á selección dunha mostra aleatoria simple.

Respecto da acuicultura mariña, os parámetros para a estratificación tiveron en conta o tipo de establecemento principal da empresa (criadeiras e/ou granxas, liñas e/ou gaiolas, parques de cultivo e bateas) dando lugar a 8 estratos. Salvo en determinados estratos onde, debido á súa reducida poboación, a mostra abrangueu a totalidade do universo, no resto dos estratos, que conforman a gran maioría, seleccionouse unha mostra aleatoria simple.

Táboa 1. Tamaños de poboación e mostra nos sectores da pesca extractiva e acuicultura mariña en Galicia. Ano 2023

	Poboación	Mostra
PESCA EXTRACTIVA (buques)	N.º	%
Caladoiro nacional	4.024	485
Arrastre	48	23
Artes menores	3.741	350
Cerco	144	70
Enmalle	23	11
Palangre de fondo	18	8
Palangre de superficie	50	23
Pesqueiras comunitarias	69	33
Arrastre	21	10
Palangre de fondo	48	23
Pesqueiras internacionais	102	49
Arrastre y cerco	29	14
Palangre de superficie	73	35
Total	4.195	567

	Poboación	Mostra
ACUICULTURA (empresas)	N.º	N.º
Bateas	1.845	206
Persoas físicas/xurídicas 1 batea	1.055	63
Persoas físicas con 2 ou máis bateas	688	103
Persoas xurídicas de 2 a 9 bateas	76	29
Persoas xurídicas de 10 a 49 bateas	24	9
Persoas xurídicas 50 ou máis bateas	2	2
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	18	14
Criadeiros e/ou granxas	12	10
Liñas e/ou gaiolas	6	4
Parques de cultivo	647	130
Parques de cultivo	647	130
Total	2.510	350

A información recollida inclúe variables relacionadas coa estrutura da ocupación, tales como a distribución por xénero, idade e nacionalidade, a situación profesional, a xornada laboral e as condicións contractuais. Ademais, incorporáronse datos sobre a facturación e a produtividade dos distintos segmentos de actividade, permitindo unha visión global do sector.

A recompilación de datos realizouse mediante entrevistas e cuestionarios estruturados, garantindo unha representatividade axeitada do conxunto do sector. O tratamento estatístico dos datos permite identificar tendencias e variacións con respecto a edicións anteriores, ofrecendo unha imaxe actualizada da realidade do emprego e facturación nos sectores analizados.

PRINCIPAIS RESULTADOS

1. PESCA EXTRACTIVA

1.1. Ocupación na pesca extractiva

No ano 2023, a frota pesqueira con porto base en Galicia contou cun total de **4.195 buques**, que empregaron a **11.002 tripulantes**. Isto representa unha diminución no número de embarcacións e persoas traballadoras en comparación coa edición anterior do estudo (2021). Porén, a distribución da ocupación segue estando determinada polo tipo de caladoiro e a modalidade de arte de pesca.


Táboa 2. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro/tipo de pesca. Ano 2023

CALADOIRO	Barcos	Barcos	Tripulantes	Tripulantes	Tripulantes/barco
	N.º	%	N.º	%	
Caladoiro nacional	4.024	95,92%	8.640	78,53%	2,15
Arrastre	48	1,14%	509	4,63%	10,60
Artes menores	3.741	89,18%	6.159	55,98%	1,65
Cerco	144	3,43%	1.206	10,96%	8,38
Enmalle	23	0,55%	203	1,85%	8,83
Palangre de fondo	18	0,43%	139	1,26%	7,72
Palangre de superficie	50	1,19%	424	3,85%	8,48
Pesqueiras comunitarias	69	1,64%	1.230	11,18%	17,83
Arrastre	21	0,50%	309	2,81%	14,71
Palangre de fondo	48	1,14%	921	8,37%	19,19
Pesqueiras internacionais	102	2,43%	1.132	10,29%	11,10
Arrastre y cerco	29	0,69%	599	5,44%	20,66
Palangre de superficie	73	1,74%	533	4,84%	7,30
Total	4.195	100%	11.002	100%	2,62

A pesca extractiva en Galicia **segue estando concentrada no caladoiro nacional**, cunha alta presenza de embarcacións de artes menores que empregan a un número reducido de tripulación por barco. A pesares da redución no número total de tripulantes e buques, obsérvase un incremento na media de tripulantes en determinados segmentos. As pesqueiras comunitarias e internacionais seguen a destacar pola súa maior capacidade de emprego por barco, mentres que o caladoiro nacional, se ben mantense como o máis numeroso en termos de frota, conta cun menor promedio de tripulación por embarcación.

O **caladoiro nacional** continúa sendo o segmento **máis relevante en termos de ocupación e número de embarcacións**, concentrando o 95,92% da frota con 4.024 barcos. Á súa vez, este caladoiro dá emprego ó 78,53% dos tripulantes, cun total de 8.640 persoas traballadoras. A súa estrutura segue dominada por embarcacións de artes menores, que representan ao redor do 89% dos buques e do 56% da tripulación do sector da pesca extractiva en Galicia. Porén, debido ó seu menor tamaño e tipo de actividade, estas embarcacións adoitan operar con tripulacións reducidas, o que limita a súa participación no emprego total do sector.

Gráfico 1. Poboación ocupada na pesca extractiva. Ano 2023



As **pesqueiras comunitarias**, malia que representan só o 1,64% da frota con 69 barcos, teñen un **peso significativo na xeración de emprego**. En 2023, estes buques empregaron a 1.230 tripulantes, o que supón un 11,18% do total de traballadores/as do sector. Neste segmento, a media de tripulantes por barco é de 17,83, o que sinala unha maior capacidade operativa e maior tamaño destas embarcacións en comparación coas do caladoiro nacional. Por outra banda, as **pesqueiras internacionais constitúen un 2,43% da frota** e presentan unha media de 11,10 tripulantes por barco.

Os datos de ocupación por trimestre amosan unha **lixreira variación estacional** no número total de tripulantes empregados na pesca extractiva durante o ano 2023. No caladoiro nacional, a ocupación variou entre 8.504 persoas traballadoras no segundo trimestre e 8.823 no primeiro, cunha repunta a final do ano, acadando os 8.700 tripulantes no derradeiro trimestre. Pola súa parte, as pesqueiras comunitarias e internacionais reflicten unha leve diminución ao longo do ano, destacando unha caída máis pronunciada no cuarto trimestre, onde a ocupación descendeu a 1.169 e 1.109 traballadores/as, respectivamente.

Táboa 3. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro segundo trimestre. Ano 2023

CALADOIRO	Trimestre 1 N.º	Trimestre 2 N.º	Trimestre 3 N.º	Trimestre 4 N.º
Caladoiro nacional	8.823	8.504	8.536	8.700
Pesqueiras comunitarias	1.294	1.227	1.231	1.169
Pesqueiras internacionais	1.165	1.131	1.122	1.109
Total	11.282	10.862	10.889	10.978

Na análise da distribución por tipo de arte de pesca, as artes menores seguen a ser o segmento predominante, con 3.741 buques (ver táboa 2), o que supón o 89,18% da frota. Con todo, o seu impacto na ocupación é menor, xa que este tipo de embarcacións contan cunha media de 1,65 tripulantes. Séguelle de lonxe a pesca de cerco, co 3,43% da frota (144 barcos), contando cunha media de 8,38 persoas traballadoras por embarcación. Este dato indica unha maior demanda de man de obra neste tipo de pesqueira en comparación coas artes menores.

En termos de ocupación media por embarcación, as diferenzas entre caladoiros son significativas. O caladoiro nacional ten a menor media de tripulantes por barco, con 2,15 traballadores/as, debido ao predominio das artes menores. En troques, nas pesqueiras comunitarias rexístrase a media máis elevada, con 17,83 tripulantes por embarcación, reflectindo a alta demanda laboral destes buques. Pola súa banda, as pesqueiras internacionais contan unha media de 11,10 tripulantes por barco, situándose nun punto intermedio entre ambos os dous segmentos.

Se comparamos os datos cos do 2021, pódese apreciar na seguinte táboa unha redución xeneralizada no número de buques e tripulantes no sector da pesca extractiva en Galicia. O caladoiro nacional, que concentra a maior parte da frota, presenta un descenso do 1,57% no número de barcos e do 6,86% no número de tripulantes. As pesqueiras comunitarias tamén amosan unha diminución do 5,48% no número de barcos e de 3,38% no volume de tripulación, mentres que as pesqueiras internacionais experimentaron un lixeiro crecemento do 3,03% no número de barcos e un aumento significativo do 12,41% no número de tripulantes. En conxunto, a frota total redúcese nun 1,53%, mentres que a ocupación experimentou unha diminución do 4,79%.

Táboa 4. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro. Comparativa 2021-2023

CALADOIRO	Barcos			Tripulantes		
	2023	2021	% var.	2023	2021	% var.
Caladoiro Nacional	4.024	4.088	-1,57 %	8.640	9.276	-6,86 %
Artes menores	3.741	3.788	-1,24 %	6.159	6.597	-6,64 %
Resto	283	300	-5,67 %	2.481	2.679	-7,39 %
Pesqueiras comunitarias	69	73	-5,48 %	1.230	1.273	-3,38 %
Pesqueiras internacionais	102	99	3,03 %	1.132	1.007	12,41 %
Total	4.195	4.260	-1,53 %	11.002	11.556	-4,79 %

1.2. Ocupación por xénero, idade e nacionalidade


A análise da ocupación na pesca extractiva en 2023 mostra unha marcada diferenciación por xénero, idade e nacionalidade, mantendo tendencias observadas en anos anteriores pero con certas variacións relevantes.

Táboa 5. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro segundo xénero. Ano 2023

CALADOIRO	Home		Muller		Total	%
	N.º	%	N.º	%		
Caladoiro nacional	7.958	92,11 %	682	7,89 %	8.640	100 %
Pesqueiras comunitarias	1.215	98,78 %	15	1,22 %	1.230	100 %
Pesqueiras internacionais	1.129	99,73 %	3	0,27 %	1.132	100 %
Total	10.302	93,64 %	700	6,36 %	11.002	100 %

A ocupación segue sendo maioritariamente masculina, con 10.302 homes (93,64% do total) e 700 mulleres (6,36%). A presenza feminina aumentou respecto do 2021, consolidando unha tendencia que reflicte os desafíos da integración das mulleres neste sector. A maioría das mulleres empregadas atópanse nos estratos de artes menores do caladoiro nacional, onde representan arredor do 10,38% da ocupación dese estrato. Pola contra, nos caladoiros comunitarios e internacionais, a participación feminina segue sendo moi reducida.

Gráfico 2. Poboación ocupada na pesca extractiva segundo xénero. Ano 2023




Atendendo á distribución por idade, na pesca extractiva en 2023 o grupo de traballadores/as de 35 a 54 anos, que representa o 66,75% dos tripulantes, consolidándose como o tramo maioritario. O grupo de 16 a 34 anos, que engloba aos máis novos, supón o 16,09%, mentres que o segmento de 55 ou máis anos incrementou a súa representación ata o 17,16%, reflectindo un baixo relevo xeracional e unha tendencia de envellecemento gradual da forza laboral respecto a anos anteriores.

Táboa 6. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro segundo tramo de idade. Ano 2023

CALADOIRO	16 - 34 anos		35 - 54 anos		55 ou máis anos		Total	%
	N.º	%	N.º	%	N.º	%		
Caladoiro nacional	1.439	16,66 %	5.730	66,32 %	1.471	17,03 %	8.640	100 %
Pesqueiras comunitarias	156	12,68 %	888	72,20 %	186	15,12 %	1.230	100 %
Pesqueiras internacionais	175	15,46 %	726	64,13 %	231	20,41 %	1.132	100 %
Total	1.770	16,09 %	7.344	66,75 %	1.888	17,16 %	11.002	100 %

Gráfico 3. Poboación ocupada na pesca extractiva segundo tramo de idade. Ano 2023.




En canto á nacionalidade, o 76,85% dos tripulantes teñen nacionalidade española, mantendo a súa predominancia no sector. Porén, os tripulantes estranxeiros incrementaron lixeiramente a súa presenza, chegando ao 23,15% do total, destacando nas pesqueiras comunitarias e, menos, nas internacionais. As nacionalidades máis comúns entre a tripulación estranxeira inclúen a indonesia (33,97%), a senegalesa (33,15%) e a peruana (8,64%), o que subliña a dependencia crecente do sector de man de obra internacional en certos segmentos específicos.

Táboa 7. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro segundo nacionalidade. Ano 2023

CALADOIRO	Espanola		Estranxeira		Total	%
	N.º	%	N.º	%		
Caladoiro nacional	7.184	83,15 %	1.456	16,85 %	8.640	100 %
Pesqueiras comunitarias	422	34,31 %	808	65,69 %	1.230	100 %
Pesqueiras internacionais	849	75,00 %	283	25,00 %	1.132	100 %
Total	8.455	76,85 %	2.547	23,15 %	11.002	100 %

Gráfico 4. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro segundo nacionalidade. Ano 2023



1.3. Distribución xeográfica da ocupación


A análise da distribución xeográfica da ocupación no sector da pesca extractiva en 2023 reflicte unha concentración significativa nos portos das provincias da Coruña e Pontevedra (ver táboa 8), seguindo as tendencias observadas en anos anteriores.

A provincia da Coruña lidera a ocupación, concentrando o 47,79% do total dos tripulantes (5.258 persoas). Como se recolle na gráfica, a maioría dos buques desta provincia operan no caladoiro nacional, onde predominan as artes menores. A provincia de Pontevedra ocupa o segundo lugar, representando o 39,67% da ocupación total (4.365 persoas), destacando esta provincia por ser a que conta con máis tripulantes que traballan en pesqueiras internacionais con respecto ás outras provincias. Por último, a provincia de Lugo supón o 12,53% da ocupación total (1.379 persoas), sendo esta máis relevante no segmento das pesqueiras comunitarias.

Táboa 8. Poboación ocupada na pesca extractiva segundo provincia. Ano 2023

CALADOIRO	A Coruña		Lugo		Pontevedra		Total	%
	N.º	%	N.º	%	N.º	%		
Caladoiro nacional	5.114	59,19%	404	4,68%	3.122	36,13%	8.640	100,00%
Pesqueiras comunitarias	65	5,28%	824	66,99%	341	27,72%	1.230	100,00%
Pesqueiras internacionais	79	6,98%	151	13,34%	902	79,68%	1.132	100,00%
Total	5.258	47,79%	1.379	12,53%	4.365	39,67%	11.002	100%

Gráfico 5. Poboación ocupada na pesca extractiva segundo provincia e caladoiro. Ano 2023



Facendo a análise por caladoiro de pesca, como se recolle na táboa 8, a ocupación dos buques que operan no caladoiro nacional concéntrase principalmente nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Nas pesqueiras comunitarias, a maior parte dos tripulantes está vinculada a portos da provincia de Lugo, que representa o 59,75% da ocupación neste caladoiro. As pesqueiras internacionais están dominadas polos portos de Pontevedra, que concentran o 79,68% dos tripulantes deste caladoiro.

1.4. Ocupación por situación profesional


A análise da ocupación na pesca extractiva segundo a situación profesional en 2023 reflicte unha **estrutura do emprego dominada polo persoal asalariado**, que representa o 71,84% do total de traballadores/as, con 7.904 persoas empregadas baixo esta modalidade. En segmentos como o enmalle, o arrastre e o palangre, a porcentaxe de persoas asalariadas supera o 95% da tripulación (ver táboa 9). Pola contra, destaca as artes menores, onde soamente o 52,85% da tripulación son persoas asalariadas.

No caladoiro nacional, as persoas asalariadas representan o 64,47% do total de tripulantes (5.570 persoas), sendo este o grupo maioritario. A diferenza cos outros caladoiros, dentro do caladoiro nacional destaca a presenza de propietarios/as da sociedade, que constitúen o 28,55% da ocupación, con 2.467 persoas traballadoras que desempeñan tanto funcións de xestión como de tripulación nas súas propias embarcacións. Este fenómeno pode explicarse pola estrutura do sector das artes menores, onde predominan pequenas empresas familiares e embarcacións xestionadas directamente polos seus propietarios/as. Así, nas artes menores, os propietarios/as da sociedade representan o 37,62% das persoas traballadoras, sendo este o segmento con maior porcentaxe de autoemprego.

Por outra banda, as persoas traballadoras autónomas dependentes representan unha fracción menor do caladoiro nacional, cun 6,54% da ocupación total (565 casos). A súa presenza é máis relevante nas artes menores. Ademais, rexístrase unha pequena proporción de traballadores/as en situación de axuda familiar e noutras categorías residuais, sumando apenas 38 casos en total.

Nas pesqueiras comunitarias, o emprego asalariado é aínda máis predominante, acadando o 98,94% da ocupación, con 1.217 persoas contratadas baixo esta modalidade. A presenza de propietarios/as da sociedade é anecdótica, limitándose a 13 casos (1,06%), mentres que non se rexistran persoas autónomas dependentes nin axuda familiar neste segmento.

Gráfico 6. Poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional Ano 2023



Nas pesqueiras internacionais, a estrutura de ocupación segue un patrón similar ao das comunitarias, cun 98,67% de asalariados/as, o que representa 1.117 tripulantes. O número de propietarios/as da sociedade redúcese a 15 casos (1,33%) e tampouco obsérvanse persoas autónomas dependentes nin axuda familiar. A elevada proporción de tripulantes asalariados neste segmento responde a diversas causas (natureza empresarial, maior dimensión dos buques, longos períodos traballando en caladoiros moi afastados, tripulacións especializadas, etc.)

Táboa 9. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro segundo situación profesional. Ano 2023

CALADOIRO	Persoal Asalariado		Proprietarios/as da sociedade		Autónomos/as dependentes		Axuda familiar		Outra situación		Total	%
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%		
Caladoiro nacional	5.570	64,47 %	2.467	28,55 %	565	6,54 %	15	0,17 %	23	0,27 %	8.640	100 %
Artes menores	3.255	52,85 %	2.317	37,62 %	549	8,91 %	15	0,24 %	23	0,37 %	6.159	100 %
Cerco	1.095	90,80 %	96	7,96 %	15	1,24 %	0	0,00 %	0	0,00 %	1.206	100 %
Arrastre	498	97,84 %	11	2,16 %	0	0,00 %	0	0,00 %	0	0,00 %	509	100 %
Palangre de superficie	401	94,58 %	23	5,42 %	0	0,00 %	0	0,00 %	0	0,00 %	424	100 %
Enmalle	195	96,06 %	7	3,45 %	1	0,49 %	0	0,00 %	0	0,00 %	203	100 %
Palangre de fondo	126	90,65 %	13	9,35 %	0	0,00 %	0	0,00 %	0	0,00 %	139	100 %
Pesqueiras comunitarias	1.217	98,94 %	13	1,06 %	0	0,00 %	0	0,00 %	0	0,00 %	1.230	100 %
Palangre de fondo	914	99,24 %	7	0,76 %	0	0,00 %	0	0,00 %	0	0,00 %	921	100 %
Arrastre	303	98,06 %	6	1,94 %	0	0,00 %	0	0,00 %	0	0,00 %	309	100 %
Pesqueiras internacionais	1.117	98,67 %	15	1,33 %	0	0,00 %	0	0,00 %	0	0,00 %	1.132	100 %
Arrastre y cerco	599	100,00 %	0	0,00 %	0	0,00 %	0	0,00 %	0	0,00 %	599	100 %
Palangre de superficie	518	97,19 %	15	2,81 %	0	0,00 %	0	0,00 %	0	0,00 %	533	100 %
Total	7.904	71,84 %	2.495	22,68 %	565	5,14 %	15	0,14 %	23	0,21 %	11.002	100 %

Como se recolle na seguinte táboa, a distribución da poboación ocupada na pesca extractiva en 2023 indica unha **maior estabilidade nos segmentos tradicionais**, mentres que as pesqueiras comunitarias presentan unha maior rotación de persoal. No total, o 35,41% das persoas ocupadas foron alta no Instituto Social da Mariña (ISM) ao longo do ano, mentres que o 63,53% xa traballaba previamente no sector. A renovación varía segundo o caladoiro, sendo máis elevada nas pesqueiras comunitarias, onde case a metade das persoas traballadoras (49,19%) iniciaron a súa actividade no ano 2023. Pola contra, no caladoiro nacional e nas pesqueiras internacionais, a maior parte do persoal mantivo a súa ocupación, cunha continuidade do 65,89% e 59,36%, respectivamente.

Táboa 10. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro segundo alta no ISM. Ano 2023

CALADOIRO	Foi alta no ano		Traballaba anteriormente		NS/NC		Total	%
	N.º	%	N.º	%	N.º	%		
Caladoiro nacional	2.899	33,55 %	5.693	65,89 %	48	0,56 %	8.640	100 %
Pesqueiras comunitarias	605	49,19 %	625	50,81 %	0	0,00 %	1.230	100 %
Pesqueiras internacionais	392	34,63 %	672	59,36 %	68	6,01 %	1.132	100 %
Total	3.896	35,41 %	6.990	63,53 %	116	1,05 %	11.002	100 %

A análise da ocupación asalariada na pesca extractiva en 2023 en función do tipo de contrato, amosa unha **clara predominancia de contratos indefinidos**. Estes representan o 91,41% do total das persoas traballadoras asalariadas, mentres que os contratos temporais son minoritarios, cun 8,59%. Esta tendencia reflicte unha estabilidade laboral notable no sector, especialmente nas pesqueiras comunitarias, onde o 95,89% da tripulación asalariada ten contratos indefinidos, sendo o caladoiro cunha maior proporción desta modalidade. Pola contra, nas pesqueiras internacionais, os contratos temporais son máis frecuentes que no resto de caladoiros, representando un 11,91% dos asalariados/as.

Táboa 11. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro segundo asalariado. Ano 2023

CALADOIRO	Asalariados/as Indefinidos/as		Asalariados/as Temporales		Total	%
	N.º	%	N.º	%		
Caladoiro nacional	5.074	91,10 %	496	8,90 %	5.570	100 %
Pesqueiras comunitarias	1.167	95,89 %	50	4,11 %	1.217	100 %
Pesqueiras internacionais	984	88,09 %	133	11,91 %	1.117	100 %
Total	7.225	91,41 %	679	8,59 %	7.904	100 %

En canto ao tipo de contrato indefinido, o **61,25% da tripulación asalariada con este tipo de contrato está contratada baixo a modalidade de fixo-descontinuo**, mentres que o 38,75% restante está noutras modalidades contractuais de indefinido. Nas pesqueiras comunitarias, os contratos fixos-descontinuos son os máis comúns, chegando ao 76,86%. Por outra banda, nas pesqueiras internacionais, os contratos indefinidos "outros" (non fixos-descontinuos) son maioritarios, chegando ao 60,57% dos casos.

Táboa 12. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro segundo contrato indefinido. Ano 2023

CALADOIRO	Contrato fixo discontinuo		Outro tipo de contrato indefinido		Total	%
	N.º	%	N.º	%		
Caladoiro nacional	3.140	61,88 %	1.934	38,12 %	5.074	100 %
Pesqueiras comunitarias	897	76,86 %	270	23,14 %	1.167	100 %
Pesqueiras internacionais	388	39,43 %	596	60,57 %	984	100 %
Total	4.425	61,25 %	2.800	38,75 %	7.225	100 %

En relación á xornada laboral, a gran maioría das persoas traballadoras da pesca extractiva teñen xornadas a tempo completo, representando o 97,10% do total (10.683 traballadores/as). As xornadas a tempo parcial son residuais, alcanzando só o 2,90% (319 persoas). Nos tres caladoiros de pesca, o emprego a tempo completo é claramente predominante. No caladoiro nacional, o 96,34% da tripulación ten xornadas completas, mentres que nas pesqueiras comunitarias e internacionais, esta proporción ascende ao 99,92% e 99,82%, respectivamente, amosando unha alta uniformidade neste aspecto.

Táboa 13. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro segundo xornada laboral. Ano 2023.

CALADOIRO	A tempo completo		A tempo parcial		Total	%
	N.º	%	N.º	%		
Caladoiro nacional	8.324	96,34 %	316	3,66 %	8.640	100 %
Pesqueiras comunitarias	1.229	99,92 %	1	0,08 %	1.230	100 %
Pesqueiras internacionais	1.130	99,82 %	2	0,18 %	1.132	100 %
Total	10.683	97,10 %	319	2,90 %	11.002	100 %

Finalmente, no que se refire ás horas traballadas, ao redor da metade das persoas traballadoras realizan xornadas diarias de 6 a 8 horas (51,85%), mentres que un 36,14% traballa entre 8 e 10 horas. As xornadas excesivas, de máis de 10 horas diarias, son residuais, afectando só ao 3,27% dos traballadores/as. O caladoiro nacional ó que presenta a maior proporción de traballadores/as con xornadas de 6 a 8 horas (57,06%), mentres que nas pesqueiras comunitarias, o 67,48% da tripulación realiza xornadas de 8 a 10 horas. As pesqueiras comunitarias, ademais, son nas que se rexistra maior proporción de traballadores/as con xornadas de máis de 10 horas, cun 6,59%.

Táboa 14. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro segundo horas traballadas. Ano 2023


CALADOIRO	Menos de 6h		De 6 a 8h		De 8 a 10h		Máis de 10h		Total	%
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%		
Caladoiro nacional	916	10,60 %	4.930	57,06 %	2.582	29,88 %	212	2,45 %	8.640	100 %
Pesqueiras comunitarias	2	0,16 %	317	25,77 %	830	67,48 %	81	6,59 %	1.230	100 %
Pesqueiras internacionais	44	3,89 %	457	40,37 %	564	49,82 %	67	5,92 %	1.132	100 %
Total	962	8,74 %	5.704	51,85 %	3.976	36,14 %	360	3,27 %	11.002	100 %

2. ACUICULTURA MARIÑA

2.1. Ocupación por estrato

A acuicultura mariña en Galicia en 2023 contou con **2.510 empresas** que empregaron a **4.460 persoas**.

A maior parte das empresas activas seguen estando no sector das bateas, que con 1.845, constitúen o 73,51% do total. Este segmento continúa a ser o eixo principal da acuicultura en Galicia, tanto en termos de número de empresas como de emprego xerado. As bateas empregaron en 2023 a 3.109 persoas, o que representa o 69,71% do total de persoas traballadoras na acuicultura mariña. A ocupación media no segmento das bateas no ano 2023 foi de 1,69 traballadores/as por empresa (ver táboa 15).



Táboa 15. Poboación ocupada na acuicultura por estrato. Ano 2023

ESTABLECEMENTO	Empresas		Persoas ocupadas		N.º medio persoas ocupadas
	N.º	%	N.º	%	
Bateas	1.845	73,51%	3.109	69,71%	1,69
Persoas físicas con 2 ou máis bateas	688	27,41%	1.159	25,99%	1,68
Persoas físicas/xurídicas 1 batea	1.055	42,03%	1.507	33,79%	1,43
Persoas xurídicas 50 ou máis bateas	2	0,08%	50	1,12%	25,00
Persoas xurídicas de 10 a 49 bateas	24	0,96%	151	3,39%	6,29
Persoas xurídicas de 2 a 9 bateas	76	3,03%	242	5,43%	3,18
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	18	0,72%	618	13,86%	34,33
Criadeiros e/ou granxas	12	0,48%	611	13,70%	50,92
Liñas e/ou gaiolas	6	0,24%	7	0,16%	1,17
Parques de cultivo	647	25,78%	733	16,43%	1,13
Parques de cultivo	647	25,78%	733	16,43%	1,13
Total	2.510	100%	4.460	100%	1,78

Dentro deste segmento, existen diferenzas significativas segundo o tipo de operador. As persoas físicas ou xurídicas que contan cunha única batea representan o grupo máis importante, con 1.055 empresas, mentres que as persoas físicas que operan dúas ou máis bateas suman 688 empresas. Pola contra, as persoas xurídicas que xestionan entre 10 e 49 bateas son 24 empresas, e só 2 entidades posúen 50 ou máis bateas, o que reflicte unha [estrutura produtiva maioritariamente fragmentada en pequenas explotacións](#).

Ademais das bateas, o sector da acuicultura mariña en Galicia conta con outros establecementos, como os criadeiros, granxas, liñas e gaiolas, que en 2023 sumaron 18 empresas e empregaron a 618 persoas. Este segmento presenta unha media de persoas traballadoras ocupadas por empresa moi superior ao segmento das bateas, cunha media de 34,33 traballadores/as por empresa, debido a que estas estruturas requiren unha maior intensidade de man de obra.

Outro segmento destacado son os parques de cultivo, que en 2023 sumaron 647 empresas, representando o 25,78% do total de empresas no sector. Estes parques empregaron a 733 persoas, cunha media de 1,13 traballadores/as por empresa, sendo este o segmento con menor intensidade de emprego por empresa.

A evolución trimestral das persoas traballadoras na acuicultura mariña en 2023 amosa unha variación flutuante ao longo dos trimestres. No primeiro trimestre rexistráronse 4.446 traballadores/as, seguido dun descenso no segundo trimestre con 4.358 persoas traballadoras. No terceiro trimestre, produciuse un leve incremento, alcanzando as 4.596, o dato máis alto do ano, e pechándose o último trimestre cun descenso, con 4.436 traballadores/as. Esta **flutuación estacional** é especialmente marcada nos criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas, así como nos parques de cultivo, que experimentaron as maiores variacións trimestrais. Pola súa banda, as bateas mantiveron unha tendencia máis estable no emprego ao longo do ano, con pequenas oscilacións trimestrais.

Táboa 16. Poboación ocupada na acuicultura por establecemento segundo trimestre no ano. Ano 2023

	Trimestre 1	Trimestre 2	Trimestre 3	Trimestre 4
ESTABLECIMENTO	N.º	N.º	N.º	N.º
Bateas	3.134	3.075	3.166	3.061
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	715	576	574	604
Parques de cultivo	597	707	856	771
Total	4.446	4.358	4.596	4.436

A análise comparativa dos datos entre 2023 e 2021 reflicte unha lixeira **diminución no número total de empresas activas no sector da acuicultura** mariña en Galicia, pasando de 2.544 en 2021 a 2.510 empresas en 2023, cunha redución do -1,34%. A maior caída rexistrouse nos criadeiros, granxas, liñas e gaiolas, cun descenso do -14,29% no número de empresas. Pola contra, as bateas experimentaron unha redución menor, do -1,6%, mentres que os parques de cultivo mantiveron case o mesmo número de empresas.

En termos de ocupación, a caída foi máis pronunciada respecto a 2021, cunha diminución do -17,71% no total de persoas empregadas, pasando de 5.420 traballadores/as en 2021 a 4.460 en 2023. Os criadeiros, granxas, liñas e gaiolas foron o segmento máis afectado, cunha redución do -20,16% no número de ocupados, seguido polas bateas, cunha caída do -18,08%. Pola súa banda, os parques de cultivo rexistraron unha diminución do -13,87% no número de traballadores/as, mantendo unha estabilidade no número de empresas pero cunha redución na intensidade de emprego.

Táboa 17. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento. Comparativa 2021-2023

ESTABLECEMENTO	Empresas			Persoas ocupadas		
	2023	2021	% var.	2023	2021	% var.
Bateas	1.845	1.875	-1,60%	3.109	3.795	-18,08%
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	18	21	-14,29%	618	774	-20,16%
Parques de cultivo	647	648	-0,15%	733	851	-13,87%
Total	2.510	2.544	-1,34%	4.460	5.420	-17,71 %


En termos xerais, a acuicultura mariña en Galicia continúa a caracterizarse pola súa **estrutura fragmentada**, con predominancia das bateas como principal motor da actividade en volume de empresas e tamén cunha presenza relevante dos parques de cultivo. Os criadeiros, granxas e liñas de cultivo manteñen un peso menor en número de empresas, pero destacan pola súa alta capacidade de xerar emprego por empresa.

2.2. Ocupación por xénero, idade e nacionalidade

A análise da ocupación na acuicultura mariña en 2023 reflicte unha **distribución desigual** segundo o xénero, a idade e a nacionalidade das persoas traballadoras, seguindo tendencias observadas en edicións anteriores. Aínda que **predominan os homes e as persoas traballadoras nacionais de mediana idade**, obsérvase unha crecente participación feminina, unha moderada incorporación de persoas máis novas e unha escasa presenza de persoas traballadoras estranxeiras.

O sector continúa a ser maioritariamente masculino, aínda que cunha **presenza feminina significativamente maior que no sector da pesca extractiva**. En 2023, aproximadamente o 25% das persoas traballadoras na acuicultura mariña eran mulleres, mentres que os homes representaron o 75,18%. A maior proporción de mulleres concéntrase nos parques de cultivo, onde a participación feminina acada case o 40% do total de empregados/as. Pola contra, nas bateas e nos criadeiros, granxas, liñas e gaiolas, os homes dominan o emprego, representando máis do 70% da forza de traballo.

Gráfico 8. Poboación ocupada na acuicultura segundo xénero. Ano 2023



Táboa 18. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento segundo xénero. Ano 2023

ESTABLECEMENTO	Home		Muller		Total	%
	N.º	%	N.º	%		
Bateas	2.472	79,51 %	637	20,49 %	3.109	100,0 %
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	439	71,04 %	179	28,96 %	618	100,0 %
Parques de cultivo	442	60,30 %	291	39,70 %	733	100,0 %
Total	3.353	75,18 %	1.107	24,82 %	4.460	100%


A poboación empregada na acuicultura mariña evidencia unha **estrutura demográfica que combina experiencia e renovación**. O grupo de idade dominante é o comprendido entre 35 e 54 anos, que representa arredor do 55% do total de traballadores/as.

Táboa 19. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento segundo tramo de idade. Ano 2023

ESTABLECEMENTO	16 - 34 anos		35 - 54 anos		55 ou mais anos		Total	%
	N.º	%	N.º	%	N.º	%		
Bateas	447	14,38 %	1.643	52,85 %	1.019	32,78 %	3.109	100 %
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	135	21,84 %	363	58,74 %	120	19,42 %	618	100 %
Parques de cultivo	67	9,14 %	424	57,84 %	242	33,02 %	733	100 %
Total	649	14,55 %	2.430	54,48 %	1.381	30,96 %	4.460	100 %

O grupo de 16 a 34 anos supón aproximadamente o 15% da ocupación total, o que indica unha moderada incorporación de persoas traballadoras máis novas. Este segmento é máis visible nos criadeiros, granxas, liñas e gaiolas. Pola contra, o grupo de 55 anos ou máis representa o 30,96% da forza laboral, especialmente concentrado nas bateas, con 1.019 persoas traballadoras nese rango de idade.

Gráfico 9. Poboación ocupada na acuicultura segundo tramo de idade



En 2023, a práctica totalidade dos traballadores/as da acuicultura mariña tiñan nacionalidade española, representando arredor do 98,79% do total de empregados/as. As persoas traballadoras estranxeiras conformaron o 1,21% restante, con algo máis de presenza en segmentos específicos, como os criadeiros e granxas, onde o 2,43% dos empregados/as son de orixe internacional. As nacionalidades representadas inclúen traballadores/as procedentes de Senegal (25,97%), Portugal (14,29%), Gana (11,69%) e Indonesia (10,39%) principalmente.

Táboa 20. Poboación ocupada na acuicultura por establecemento segundo nacionalidade. Ano 2023

ESTABLECEMENTO	Española		Estranxeira		Total	%
	N.º	%	N.º	%		
Bateas	3.070	98,75 %	39	1,25 %	3.109	100 %
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	603	97,57 %	15	2,43 %	618	100 %
Parques de cultivo	733	100,00 %	0	0,00 %	733	100 %
Total	4.406	98,79 %	54	1,21 %	4.460	100 %

2.3. Distribución xeográfica da ocupación

A distribución xeográfica da ocupación no sector da acuicultura mariña en Galicia en 2023 reflicte unha clara concentración en dúas provincias principais, Pontevedra e A Coruña, mentres que Lugo presenta unha presenza residual nesta actividade (2,44% das persoas ocupadas).

Táboa 21. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento segundo provincia. Ano 2023

ESTABLECEMENTO	A Coruña		Lugo		Pontevedra		Total	%
	N.º	%	N.º	%	N.º	%		
Bateas	1.195	38,44%	0	0%	1.914	61,56%	3.109	100%
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	328	53,07%	109	17,64%	181	29,29%	618	100%
Parques de cultivo	96	13,10%	0	0%	637	86,90%	733	100%
Total	1.619	36,30%	109	2,44%	2.732	61,26%	4.460	100%


A provincia de Pontevedra lidera o sector, representando o 61,26% da ocupación total, con 2.732 traballadores/as. Este predominio está especialmente marcado nos parques de cultivo, onde Pontevedra concentra o 86,90% das persoas traballadoras neste tipo de establecementos. Ademais, tamén destaca nas bateas, cun 61,56% de traballadores/as deste segmento localizados nesta provincia.

A Coruña, pola súa banda, conta co 36,30% da forza laboral total do sector, con 1.619 traballadores/as. A maior parte desta ocupación provén das bateas, que supoñen o 38,44% do total de persoas ocupadas en Galicia neste tipo de establecementos de acuicultura, e en

menor medida, dos criadeiros, granxas, liñas e gaiolas, que concentran en A Coruña o 53,07% da poboación ocupada neste segmento.


Finalmente, a provincia de Lugo ten unha contribución mínima ao total da ocupación do sector, representando só o 2,44%, con 109 traballadores/as. A actividade en Lugo está principalmente asociada aos criadeiros, granxas, liñas e gaiolas, como se recolle no seguinte gráfico, que supoñen o 17,64% do total de persoas ocupadas deste tipo de instalacións, mentres que non se rexistran parques de cultivo nin bateas na provincia.

Gráfico 10. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento segundo provincia. Ano 2023



2.4. Situación profesional das persoas ocupadas

Gráfico 11. Poboación ocupada na acuicultura por situación profesional. Ano 2023



A análise da súa situación profesional das persoas ocupadas no sector no ano 2023 amosa que **a maior parte do persoal desempeña o seu labor por conta propia**, aínda que con significativas diferenzas segundo o tipo de establecemento de acuicultura.

O traballo por conta propia (propietarios/as da sociedade e autónomos/as dependentes) continúa a ser a forma de ocupación maioritaria na acuicultura galega, representando aproximadamente o 57,02% do total de persoas empregadas. A súa

relevancia é especialmente destacada nos parques de cultivo (ver táboa 22), onde acada o 73,4 % da ocupación, e nas bateas, onde o 64,39% do persoal deste tipo de establecementos traballa baixo este réxime. Este feito explícase pola predominancia de pequenas explotacións familiares ou empresariais que operan de forma independente, xestionando os seus propios establecementos e recursos.

En contraposición, o traballo por conta allea abrangue o 37,22% da ocupación na acuicultura mariña. A presenza de persoas asalariadas é particularmente elevada no estrato de criadeiras, granxas, liñas e gaiolas, onde case a totalidade dos traballadores e traballadoras (99,51%) exercen a súa actividade como empregados/as por conta allea.

Ademais destas dúas categorías laborais principais, un 5,76% dos ocupados e ocupadas pertencen a outras situacións laborais, principalmente axudas familiares. A presenza desta categoría reflicte o peso que seguen tendo as unidades familiares no tecido produtivo da acuicultura, especialmente en explotacións de menor escala.

Táboa 22. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento segundo situación profesional. Ano 2023

ESTABLECEMENTO	Persoal Asalariado		Propietarios/as da sociedade		Autónomos/as dependentes		Axuda familiar		Outra situación		Total	%
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%		
Bateas	995	32,00%	1.608	51,72%	394	12,67%	82	2,64%	30	0,96%	3.109	100%
Persoas físicas con 2 ou máis bateas	392	33,82%	558	48,14%	160	13,81%	49	4,23%	0	0,00%	1.159	100%
Persoas físicas/xurídicas 1 batea	244	16,19%	974	64,63%	228	15,13%	31	2,06%	30	1,99%	1.507	100%
Persoas xurídicas de 2 a 9 bateas	171	70,66%	65	26,86%	4	1,65%	2	0,83%	0	0,00%	242	100%
Persoas xurídicas de 10 a 49 bateas	138	91,39%	11	7,28%	2	1,32%	0	0,00%	0	0,00%	151	100%
Persoas xurídicas 50 ou máis bateas	50	100,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	50	100%
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	615	99,51%	3	0,49%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	618	100%
Criadeiros e/ou granxas	609	99,67%	2	0,33%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	611	100%
Liñas e/ou gaiolas	6	85,71%	1	14,29%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	7	100%
Parques de cultivo	50	6,82%	496	67,67%	42	5,73%	145	19,78%	0	0,00%	733	100%
Parques de cultivo	50	6,82%	496	67,67%	42	5,73%	145	19,78%	0	0,00%	733	100%
Total	1.660	37,22%	2.107	47,24%	436	9,78%	227	5,09%	30	0,67%	4.460	100%

A tendencia observada nos últimos anos indica unha certa estabilidade na distribución da ocupación por situación profesional. En termos xerais, a acuicultura mariña segue a ser un sector con elevada participación de persoas autónomas e pequenas empresas, ao tempo que incorpora cada vez máis persoal asalariado, especialmente nas instalacións de maior tamaño e complexidade.

A estrutura da poboación ocupada na acuicultura mariña en 2023 reflicte unha **maior estabilidade laboral en comparación coa pesca extractiva**, cun 80,07% das persoas traballadoras que xa desempeñaban a súa actividade previamente e un 13,43% de novas incorporacións ao sector. A maior estabilidade dáse nas bateas e parques de cultivo, cun 85,37% e 83,36% de continuidade, respectivamente.

Táboa 23. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento segundo ISM. Ano 2023

ESTABLECEMENTO	Foi alta no ano		Traballaba anteriormente		NS/NC*		Total	%
	N.º	%	N.º	%	N.º	%		
Bateas	455	14,63 %	2.654	85,37 %	0	0,00 %	3.109	100 %
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	37	5,99 %	306	49,51 %	275	44,50 %	618	100 %
Parques de cultivo	107	14,60 %	611	83,36 %	15	2,05 %	733	100 %
Total	599	13,43 %	3.571	80,07 %	290	6,50 %	4.460	100 %

(*) Empresas que non poden dispoñer de datos de altas e baixas nalgunhas categorías de traballadores/as

Os datos amosan que a maioría dos traballadores/as por conta allea teñen contratos indefinidos (88,31 %), mentres que os temporais representan só un 11,69 %. Esta proporción é especialmente alta nas bateas (89,75 % indefinidos) e nos criadeiros, granxas, liñas e gaiolas (89,43 % indefinidos). Pola contra, nos parques de cultivo, máis da metade dos traballadores/A (54,00 %) teñen contratos temporais.

Táboa 24. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento segundo asalariados/as. Ano 2023

ESTABLECEMENTO	Asalariados/as Indefinidos/as		Asalariados/as Temporales		Total	%
	N.º	%	N.º	%		
Bateas	893	89,75 %	102	10,25 %	995	100 %
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	550	89,43 %	65	10,57 %	615	100 %
Parques de cultivo	23	46,00 %	27	54,00 %	50	100 %
Total	1.466	88,31 %	194	11,69 %	1.660	100 %

Os contratos de tipo fixo discontinuo están máis presentes nas persoas asalariadas indefinidas das bateas (33,26%), mentres que nos criadeiros, granxas, liñas e gaiolas existe unha proporción moi significativa de persoas ocupadas indefinidas con outro tipo de contratos indefinidos (98,36 %). En conxunto, os contratos diferentes ao fixo discontinuo predominan claramente no sector, sumando o 78,85 % do total de persoas asalariadas indefinidas.

Táboa 25. Poboación asalariada na acuicultura por tipo de establecemento segundo contrato indefinido. Ano 2023

ESTABLECEMENTO	Contrato fixo discontinuo		Outro tipo de contrato indefinido		Total	%
	N.º	%	N.º	%		
Bateas	297	33,26 %	596	66,74 %	893	100 %
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	9	1,64 %	541	98,36 %	550	100 %
Parques de cultivo	4	17,39 %	19	82,61 %	23	100 %
Total	310	21,16 %	1.156	78,85 %	1.466	100 %

A maioría do persoal da acuicultura traballa a tempo completo (80,52 %), cunha presenza especialmente alta nos criadeiros, granxas, liñas e gaiolas (96,44 %). En contraposición, os parques de cultivo presentan a menor proporción de xornada completa (46,93 %).

Táboa 26. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento segundo xornada laboral. Ano 2023

ESTABLECEMENTO	A tempo completo		A tempo parcial		Total	%
	N.º	%	N.º	%		
Bateas	2.651	85,27 %	458	14,73 %	3.109	100 %
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	596	96,44 %	22	3,56 %	618	100 %
Parques de cultivo	344	46,93 %	389	53,07 %	733	100 %
Total	3.591	80,52 %	869	19,48 %	4.460	100 %

Unha parte importante das persoas traballadoras do sector realiza xornadas de entre 6 e 8 horas ao día (68,07 %). Nas bateas (77,45%) e nos criadeiros, granxas, liñas e gaiolas (75,73%) esta proporción é lixeiramente maior, mentres que nos parques de cultivo destaca un grupo relevante con xornadas máis curtas, de menos de 6 horas (72,99%).

Táboa 27. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento segundo horas traballadas. Ano 2023

ESTABLECEMENTO	Menos de 6h		De 6 a 8h		De 8 a 10h		Máis de 10h		Total	%
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%		
Bateas	483	15,54 %	2.408	77,45 %	216	6,95 %	2	0,06 %	3.109	100 %
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	21	3,40 %	468	75,73 %	122	19,74 %	7	1,13 %	618	100 %
Parques de cultivo	535	72,99 %	160	21,83 %	38	5,18 %	0	0,00 %	733	100 %
Total	1.039	23,30 %	3.036	68,07 %	376	8,43 %	9	0,20 %	4.460	100 %

3. DATOS ECONÓMICOS

3.1. Facturación na pesca extractiva

A facturación do sector da pesca extractiva en Galicia no ano 2023 acadou os **904,83 millóns de euros**, consolidando a súa importancia dentro da economía marítima galega. A pesar das flutuacións nos volumes de captura e das variacións nas condicións de mercado, a actividade extractiva mantívose como un dos piares fundamentais do sector pesqueiro galego, xerando emprego e riqueza nas zonas costeiras.

O caladoiro nacional, cun volume total de 336,18 millóns de euros, representa arredor do 37,15% do total da facturación do sector. Con todo, este caladoiro agrupa o maior número de traballadores/as, cun 78,53% do emprego total da pesca extractiva, o que implica que a produtividade por traballador/as é menor en comparación con outros caladoiros. Dentro do caladoiro nacional, as artes menores representan unha parte significativa da súa facturación, cun total de 120,36 millóns de euros. Non obstante, a facturación media por traballador/a en embarcacións de artes menores é sensiblemente inferior aos outros segmentos, situándose en 19.542,10 euros por ocupado/a. Pola contra, no resto de artes de pesca dentro deste caladoiro, a produtividade por traballador/a acada os 86.989,26 euros por ocupado/a.

As pesqueiras comunitarias, que operan en augas da Unión Europea, representan o 15,41% da facturación total da pesca extractiva en Galicia, cun volume económico de 139,45 millóns de euros. Este caladoiro mantén unha media de tripulantes máis elevada por buque, e a facturación por ocupado/a sitúase nun nivel significativamente superior ao do caladoiro nacional, acadando os 113.370,57 euros por traballador/a.

Pola súa banda, as pesqueiras internacionais continúan a destacar pola súa alta rendibilidade e eficiencia, representando case a metade da facturación total do sector en 2023, cunha cifra de 429,21 millóns de euros, o que equivale ao 47,43% do total. Aínda que este segmento conta cunha menor porcentaxe do total de traballadores/as da pesca extractiva galega (10,29% do emprego total), a produtividade individual é moi superior á doutros caladoiros. A facturación por ocupado/a nas pesqueiras internacionais acada os 379.158,55 euros por traballador/a, o que evidencia a maior escala das capturas realizadas por estas frotas.

Táboa 28. Facturación media na pesca extractiva por estrato. Ano 2023

CALADOIRO	Facturación		Ocupados/as		€/ocupado/a
	Miles de €	%	N.º	%	
Caladoiro nacional	336.180,15	37,15%	8.640	78,53%	38.909,74
Artes menores	120.359,80	13,30%	6.159	55,98%	19.542,10
Resto do Caladoiro Nacional	215.820,35	23,85%	2.481	22,55%	86.989,26
Pesqueiras comunitarias	139.445,80	15,41%	1.230	11,18%	113.370,57
Pesqueiras internacionais	429.207,48	47,43%	1.132	10,29%	379.158,55
Total	904.833,43	100%	11.002	100%	82.242,63

En conxunto, os datos amosan unha tendencia cara á concentración da facturación nos segmentos de maior capacidade operativa. Mentres o caladoiro nacional mantén a súa relevancia en termos de volume de ocupación, a súa facturación por persoa traballadora segue sendo máis baixa. Pola contra, as pesqueiras internacionais e comunitarias reflicten un modelo máis intensivo en capital, con tripulacións cunha produtividade por traballador/a moi superior.

3.2. Facturación na acuicultura mariña

O sector da acuicultura mariña en Galicia continúa a desempeñar un papel clave na economía marítima da Comunidade, cunha facturación total no ano 2023 de **290,09 millóns de euros**. Este volume económico reflicte a consolidación da acuicultura como unha actividade produtiva estratéxica, aínda que con importantes diferenzas entre os distintos segmentos que a conforman.

Táboa 29. Facturación media na acuicultura por establecemento. Ano 2023

CALADOIRO	Facturación		Ocupados/as		€/ocupado/a
	Miles de €	%	N.º	%	
Bateas	139.996,23	48,26%	3.109	69,71%	45.029,34
Parques de cultivo	12.173,30	4,20%	733	16,43%	16.607,51
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	137.922,25	47,54%	618	13,86%	223.175,16
Total	290.091,79	100%	4.460	100%	65.043,00

O segmento das bateas continúa sendo o máis relevante en termos económicos, cunha facturación preto aos 140 millóns de euros, o que supón o 48,26% do total do sector. Este modelo produtivo empregou en 2023 a 3.109 persoas, representando case o 69,71% do emprego total da acuicultura mariña en Galicia. A facturación media por traballador/a neste segmento sitúase así en 45.029,34 euros, unha cifra que reflicte a importancia e estabilidade deste sector dentro do conxunto da produción acuícola.

Os parques de cultivo, outra das modalidades presentes na acuicultura galega, xeraron unha facturación de 12,17 millóns de euros, o 4,20% do total do sector. Aínda que este segmento conta cun número significativo de persoas traballadoras (733 ocupados/as), a súa rendibilidade é menor en comparación con outras modalidades, cunha facturación media por traballador/a de 16.607,51 euros.

O grupo de criadeiras, granxas, liñas e gaiolas representa a segunda maior fonte de facturación dentro do sector, cun volume total de 137,92 millóns de euros, equivalente ao 47,54% da facturación total da acuicultura mariña en Galicia. Con 618 ocupados/as, este segmento destaca por unha produtividade moi superior á doutros modelos produtivos, cunha facturación media de 223.175,16 euros por traballador/a, o que reflicte unha maior rendibilidade destas instalacións.

4. EVOLUCIÓN


4.1. Evolución da pesca extractiva

A ocupación na pesca extractiva en Galicia sufriu cambios significativos ao longo dos últimos anos. *A evolución da ocupación, dende o ano 2011, seguiu patróns diferentes en cada caladoiro.*

No nacional alternáronse diminucións con aumentos, observándose diminucións ata o ano 2015, recuperándose despois en 2017, volvéndose a reducir no ano 2019 e volvendo a aumentar no 2021. De novo nesta edición 2023 apréciase unha redución nos datos de persoas ocupadas neste caladoiro, reflectindo unha diminución do -6,86% con respecto o ano 2021.

Nas pesqueiras comunitarias a tendencia é a unha lixeira diminución do número de tripulantes durante o período, ata chegar ao ano 2021, no que a aprecia unha subida das persoas ocupadas e xa no ano 2023 prodúcese unha diminución do -3,38%. Na pesqueira internacional, despois do aumento do 2013, houbo un importante descenso en 2015, que foi xa progresivo ao longo dos anos ata chegar ao aumento do 2021. No ano 2023 tamén apréciase un aumento no número de persoas ocupadas, sendo 12,41% con respecto o ano 2021.

Gráfico 12. Evolución da ocupación na pesca extractiva por caladoiro. Período 2011-2023



Facendo unha comparativa dos datos de persoas ocupadas do 2023 con respecto ao 2011, no caladoiro nacional produciuse unha baixada do -13,44% no número de tripulantes. Dentro do caladoiro nacional, o segmento de artes menores, que aglutina a maior parte do emprego dentro deste caladoiro, experimentou un descenso do -10,92%, pasando de 6.914 en 2011 a 6.159 tripulantes no 2023. Pola súa banda, o resto de artes de pesca deste caladoiro tiveron unha caída do -19,11%, pasando de 3.067 tripulantes en 2011 a 2.481 en 2023. Aínda que en termos porcentuais o segmento de artes menores tivo unha caída menos pronunciada, o impacto global da perda de emprego neste segmento é especialmente relevante debido ao seu peso no total de traballadores/as do caladoiro e do sector.

As pesqueiras comunitarias, en cambio, amosaron unha evolución máis estable. En 2011 contaban con 1.249 tripulantes, cifra que se reduciu lixeiramente ata os 1.230 en 2023, representando unha diminución do -1,52%.

En canto ás pesqueiras internacionais, este segmento tamén experimentou unha redución no número de tripulantes entre 2011 e 2023. En 2011, contaba con 1.322 tripulantes, mentres que en 2023 a cifra descendeu a 1.132, o que representa unha diminución do -14,37%.

A análise da evolución da ocupación por barco tamén reflicte cambios. No caladoiro nacional, a media de tripulantes por embarcación mantívose relativamente estable, pasando de 2,19 tripulantes por barco en 2011 a 2,15 en 2023, ao igual que nas pesqueiras internacionais, que pasaron de 11,02 a 11,10. Pola contra, nas pesqueiras comunitarias, observouse un incremento significativo da dotación media de tripulantes por barco, pasando de 11,05 en 2011 a 17,83 en 2023.

Táboa 30. Evolución da ocupación na pesca extractiva por caladoiro. Período 2011-2023

CALADOIRO	Tripulantes							Tripulantes/Barco						
	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2023	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2023
Caladoiro Nacional	9.981	9.211	8.460	9.283	8.942	9.276	8.640	2,19	2,08	1,99	2,18	2,14	2,27	2,15
Artes menores	6.914	6.136	5.732	6.558	6.319	6.597	6.159	1,65	1,51	1,46	1,67	1,64	1,74	1,65
Resto	3.067	3.075	2.728	2.725	2.623	2.679	2.481	8,14	8,57	8,29	8,41	8,54	8,93	8,77
Pesqueiras comunitarias	1.249	1.114	1.095	1.099	1.059	1.273	1.230	11,05	12,24	15,22	16,16	15,34	17,44	17,83
Pesqueiras internacionais	1.322	1.421	1.080	995	950	1.007	1.132	11,02	11,65	10,29	9,95	9,79	9,97	11,10
Total	12.552	11.746	10.635	11.377	10.951	11.556	11.002	2,62	2,54	2,40	2,57	2,53	2,71	2,62

A ocupación por xénero na pesca extractiva amosa unha **lixeira tendencia ao incremento na participación feminina** ao longo do período analizado. En 2011, as mulleres representaban o 4,13% do total de tripulantes, mentres que en 2023 esta proporción ascendeu ao 6,36%, o que supón un crecemento de máis de dous puntos porcentuais. Aínda que os homes seguen sendo o grupo maioritario, cunha representación do 93,64% en 2023, esta evolución destaca a incorporación progresiva das mulleres no sector.

Táboa 31. Evolución da distribución por xénero da poboación ocupada na pesca extractiva. Período 2011-2023

XÉNERO	2011		2013		2015		2017		2019		2021		2023	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Homes	12.034	95,87%	11.273	95,97%	10.157	95,51%	10.907	95,87%	10.442	95,35%	11.053	95,65%	10.302	93,64%
Mulleres	518	4,13%	473	4,03%	478	4,49%	470	4,13%	509	4,65%	503	4,35%	700	6,36%
Total	12.552	100%	11.746	100%	10.635	100%	11.377	100%	10.951	100%	11.556	100%	11.002	100%

A distribución da ocupación por idade na pesca extractiva en Galicia amosa **unha clara tendencia ao envellecemento da forza laboral** entre 2011 e 2023. O grupo de traballadores/as de 55 anos ou máis incrementou a súa proporción de maneira significativa, pasando do 8,25% en 2011 ao 17,16% en 2023, o que reflicte un aumento de case 9 puntos porcentuais. Pola contra, a proporción de persoas traballadoras máis novas, de 16 a 34 anos, diminuíu de forma sostida, pasando do 26,74% en 2011 ao 16,09% en 2023.

O grupo intermedio, de 35 a 54 anos, mantívose relativamente estable, representando ao redor do 65% da ocupación ao longo do período analizado, cun lixeiro aumento ao pasar do 62,58% en 2011 ao 66,75% en 2023.

Táboa 32. Evolución da distribución por tramos de idade da poboación ocupada na pesca extractiva

TRAMOS DE IDADE	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2023
	%	%	%	%	%	%	%
De 16 a 34 anos	26,74%	22,17%	21,14%	18,77%	19,40%	18,06%	16,09%
De 35 a 54 anos	62,58%	67,59%	66,17%	66,78%	65,46%	65,88%	66,75%
De 55 e máis anos	8,25%	7,88%	12,22%	13,99%	15,03%	16,02%	17,16%
NS/NC	2,42%	2,37%	0,47%	0,46%	0,10%	0,04%	0,00%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

A distribución da ocupación por nacionalidade na pesca extractiva amosa un **aumento significativo da presenza de persoas traballadoras estranxeiras** ao longo do período analizado. En 2011, a tripulación estranxeira representaba o 12,45% do total, mentres que en 2023 esta cifra incrementouse notablemente ata o 23,15%, o que supón preto do dobre da proporción inicial, un cambio que reflicte a crecente diversificación da forza laboral no sector.

Táboa 33. Evolución da distribución por nacionalidade da poboación ocupada na pesca extractiva

	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2023
NACIONALIDADE	%	%	%	%	%	%	%
Española	86,56%	84,95%	86,86%	86,18%	74,48%	84,30%	76,85%
Española e outra	0,57%	0,62%	1,36%	1,37%	1,41%	1,06%	-
Estranxeira	12,45%	14,40%	11,73%	12,44%	11,03%	14,62%	23,15%
NS/NC	0,41%	0,03%	0,05%	0,01%	0,31%	0,02%	0,00%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

A distribución por situación profesional na pesca extractiva en Galicia evidencia un **aumento notable da proporción de traballadores/as por conta allea** ao longo do período analizado. En 2011, este grupo representaba o 65,93% do total, mentres que en 2023 incrementouse ata o 71,84%, o que supón un aumento de máis de 6 puntos porcentuais.

Por outra banda, a proporción de traballadores/as por conta propia reduciuse no mesmo período, pasando do 32,67% en 2011 ao 27,81% en 2023.

Táboa 34. Evolución da poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional

	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2023
SITUACIÓN PROFESIONAL	%	%	%	%	%	%	%
Conta allea	65,93%	68,33%	66,89%	66,02%	66,15%	65,63%	71,84%
Conta propia	32,67%	31,15%	32,82%	33,86%	32,98%	33,54%	27,81%
Outras situacións	1,00%	0,26%	0,13%	0,12%	0,74%	0,83%	0,35%
NS/NC	0,39%	0,26%	0,16%	0,00%	0,12%	0,00%	0,00%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

A facturación total da pesca extractiva en Galicia mostrou unha tendencia ascendente ao longo do período 2011-2023, alcanzando un valor total de 904,83 millóns de euros en 2023, o que supón un incremento do 33,6% respecto dos 677,29 millóns de euros en 2011. Este crecemento reflíctese especialmente no caladoiro nacional, que aumentou de 272,29 millóns de euros en 2011 a 336,18 millóns en 2023, cun incremento do 23,46%. Dentro deste caladoiro, o segmento de artes menores experimentou un crecemento significativo na súa facturación, pasando de 86,70 millóns de euros en 2011 a 120,36 millóns en 2023, o que representa un aumento do 38,82%.

As pesqueiras comunitarias, por outra banda, tiveron unha evolución máis moderada, cunha lixeira caída na facturación, ao pasar de 153,43 millóns de euros en 2011 a 139,45 millóns en 2023 (-9,11%). Se ben, prodúcese un aumento do 13,4% da facturación no ao 2023 neste caladoiro con respecto ao ano 2021.

Pola contra, as pesqueiras internacionais experimentaron un crecemento significativo, pasando de 251,57 millóns de euros en 2011 a 429,21 millóns en 2023, o que representa un incremento do 70,61%. Este aumento foi do 4,67% no ano 2023 respecto ao 2021.

Táboa 35. Evolución da facturación media na pesca extractiva por estrato. Período 2011-2023

CALADOIRO	Facturación total (miles de euros)						
	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2023
Caladoiro Nacional	272.294	286.387	263.456	316.452	306.587	309.748	336.180
Artes menores	86.700	75.627	92.156	121.862	132.753	120.200	120.360
Resto	185.593	210.760	171.300	194.590	173.834	187.547	215.820
Pesqueiras comunitarias	153.425	163.182	131.011	137.778	146.153	122.967	139.446
Pesqueiras internacionais	251.572	353.412	407.165	435.024	377.153	410.074	429.207
Total	677.292	802.981	801.633	889.254	829.892	842.788	904.833

A facturación media por persoa ocupada na pesca extractiva en Galicia experimentou un crecemento notable no período 2011-2023, pasando de 49.326 euros en 2011 a 82.243 euros en 2023, o que representa un incremento do 66,73%. En relación á facturación media rexistrada no ano 2023 con relación ao 2021, este aumento foi do 12,76%.

No caladoiro nacional, a facturación por persoa ocupada incrementouse de maneira máis ou menos estable con respecto aos anos anteriores. E comparando os datos de 2023 con respecto a 2011, pasa de 24.591 euros en 2011 a 38.910 euros en 2023, experimentando así un crecemento do 58,22%. Dentro deste caladoiro, as artes menores rexistraron un aumento do 69,61% con respecto ao 2011, alcanzando os 19.542 euros por traballador/as en 2023.

As pesqueiras comunitarias, pola súa banda, rexistraron unha evolución diferente, con flutuacións entre os distintos anos, acadando un máximo de 138.073 euros no ano 2019. No conxunto do período 2011 e 2023, a facturación media aumentou nun 8 %.

Nas pesqueiras internacionais, no ano 2015 acádanse 377.005 euros de facturación por persoa ocupada, ao redor do dobre de facturación que nas edicións anteriores (2011 e 2013). Posteriormente, no período 2015 a 2023 preséntanse flutuacións na facturación media, situándose finalmente en 379.159 euros en 2023, o que indica unha caída de -6,88% con respecto ao 2021.

Táboa 36. Evolución da facturación por persoa ocupada na pesca extractiva por estrato. Período 2011- 2023

	€/ Persoa ocupada						
CALADOIRO	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2023
Caladoiro Nacional	24.591	28.599	31.145	34.090	34.285	33.394	38.910
Artes menores	11.522	11.257	16.077	18.582	21.008	18.221	19.542
Resto	54.780	63.944	62.816	71.414	66.276	70.764	86.989
Pesqueiras comunitarias	104.585	123.810	119.536	125.377	138.073	96.589	113.371
Pesqueiras internacionais	186.212	181.144	377.005	437.097	396.935	407.200	379.159
Total	49.326	60.452	75.377	78.162	75.783	72.933	82.243

4.2. Evolución da acuicultura

A ocupación total na acuicultura en Galicia amosou patróns diferentes de comportamento ao longo do período 2011-2023, con descenso e aumentos no emprego derivados da evolución das persoas traballadoras nos distintos establecementos acuícolas. Así, no ano 2023 acadáronse as 4.460 persoas ocupadas no sector, o que supuxo un descenso -17,71% con respecto o ano 2021. Esta redución é moito máis significativa ao comparar o dato de 2023 co de 2011 (6.432 traballadores/as), supoñendo unha diminución do -30,66% no conxunto do sector. Este descenso afectou de maneira desigual aos diferentes tipos de establecementos acuícolas.

As bateas, que representan a maior parte do emprego na acuicultura, experimentaron unha caída notable, pasando de 4.947 traballadores/as en 2011 a 3.109 en 2023, o que representa unha redución do -37,15%. Este descenso foi do -18,03% comparando as cifras de 2023 con respecto ao 2021.

Os criadeiros, granxas, liñas e gaiolas, aínda que menos representativos en termos absolutos da ocupación, rexistraron un aumento significativo do número de ocupados con respecto ao ano 2011, pasando de 589 traballadores/as en 2011 a 618 en 2023. Sen embargo, no ano 2023 tiveron un descenso -20,16% nas persoas ocupadas en relación ao ano 2021. Este segmento destaca por ter a maior media de traballadores/as por empresa, que alcanzou os 34,33 ocupados/as por empresa en 2023.

Pola súa banda, os parques de cultivo tamén se viron afectados, cun descenso no número de traballadores/as do -18,19%, pasando de 896 en 2011 a 733 en 2023. Este descenso foi do -13,97% comparando o volume de ocupación do 2023 con respecto ao 2021. A media de ocupados/as por empresa neste segmento é a máis baixa do sector, situándose en 1,13 persoas por empresa en 2023.

Táboa 37. Evolución da poboación ocupada na acuicultura por establecemento. Período 2011- 2023.

ESTABLECIMENTO	Persoas ocupadas							Persoas ocupadas/Empresa						
	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2023	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2023
Bateas	4.947	4.052	4.416	3.890	4.039	3.793	3.109	2,45	2,03	2,29	2,03	2,12	2,02	1,69
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	589	614	648	673	782	774	618	31,00	19,81	21,58	29,27	41,16	38,86	34,33
Parques de cultivo	896	795	886	666	801	852	733	1,40	1,20	1,30	1,00	1,23	1,31	1,13
Total	6.432	5.461	5.949	5.229	5.622	5.420	4.460	2,40	2,03	2,25	2,01	2,18	2,13	2,08

A distribución da poboación ocupada na acuicultura segundo o xénero amosa unha **tendencia relativamente estable** ao longo do período 2011-2023. En 2011, os homes representaban o 74,65% do total, mentres que as mulleres supoñían o 25,35%. En 2023, esta proporción mantívose moi similar, cun 75,18% de homes e un 24,82% de mulleres, o que reflicte unha lixeira diminución na proporción de mulleres, malia a escasa variación nas dinámicas de xénero no sector.

Táboa 38. Evolución da distribución por xénero da poboación ocupada na acuicultura. Período 2011-2023

XÉNERO	2011		2013		2015		2017		2019		2021		2023	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Homes	4.801	74,65%	3.941	72,17%	4.507	75,76%	4.111	78,62%	4.393	78,14%	4.085	75,37%	3.353	75,18%
Mulleres	1.630	25,35%	1.520	27,83%	1.442	24,24%	1.118	21,38%	1.229	21,86%	1.333	24,59%	1.107	24,82%
Total	6.432	100%	5.461	100%	5.949	100%	5.229	100%	5.622	100%	5.420	100%	4.460	100%

A distribución da ocupación na acuicultura segundo os tramos de idade amosa un claro **proceso de envellecemento da forza laboral** ao longo do período 2013-2023 (posto que de 2011 non hai datos). Como se recolle na táboa 39, o grupo de 55 anos ou máis incrementou significativamente a súa proporción, pasando do 16,2% en 2013 ao 30,96% en 2023, o que representa case o dobre en termos relativos. Este incremento reflicte o progresivo envellecemento da poboación ocupada, cunha menor incorporación de persoas traballadoras máis novas ao sector.

Pola contra, o grupo de 35 a 54 anos, que tradicionalmente foi o máis representativo no sector, rexistrou unha lixeira pero constante diminución na súa proporción. En 2013, este tramo representaba o 66,4% da forza laboral, mentres que en 2023 descendeu ao 54,48%, o que supón unha caída de máis de 12 puntos porcentuais no período analizado.

O grupo de 16 a 34 anos, que representa as novas incorporacións ao sector, tamén amosa unha tendencia á baixa. En 2013, este tramo representaba o 16,7% da ocupación total, mentres que en 2023 descendeu ao 14,55%.

Táboa 39. Evolución da distribución por tramos de idade da poboación ocupada na acuicultura

TRAMOS DE IDADE	2013	2015	2017	2019	2021	2023
	%	%	%	%	%	%
De 16 a 34 anos	16,7%	17,55%	14,8%	14,47%	15,81%	14,55%
De 35 a 54 anos	66,4%	60,77%	62,6%	62,36%	58,28%	54,48%
De 55 e máis anos	16,2%	21,32%	20,8%	23,12%	25,43%	30,96%
NS/NC	0,7%	0,35%	1,8%	0,06%	0,48%	0,00%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%

A distribución da poboación ocupada na acuicultura segundo a situación profesional, evidencia cambios significativos ao longo do período 2011-2023, cunha tendencia á redución do peso dos traballadores/as por conta propia e un **aumento progresivo dos traballadores/as por conta allea**.

En 2011, os traballadores/as por conta propia representaban o 59,36% do total, mentres que en 2023 esta proporción reduciuse ao 57,02. Pola contra, os traballadores/as por conta allea incrementaron a súa representación, pasando do 31,46% en 2011 ao 37,22% en 2023.

Táboa 40. Evolución da poboación ocupada na acuicultura por situación profesional. Período 2011-2023

SITUACIÓN PROFESIONAL	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2023
	%	%	%	%	%	%	%
Conta allea	31,46%	26,00%	29,34%	27,57%	36,10%	38,47%	37,22%
Conta propia	59,36%	68,50%	66,38%	58,84%	54,84%	56,42%	57,02%
Outras situacións	9,18%	5,30%	4,29%	13,48%	8,93%	5,11%	5,76%
NS/NC	0,00%	0,30%	0,00%	0,00%	0,12%	0,00%	0,00%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

A facturación total da acuicultura en Galicia experimentou flutuacións significativas ao longo do período 2011-2023, cun aumento global do 4,96%, pasando de 276,38 millóns de euros en 2011 a 290,09 millóns de euros en 2023. Non obstante, a evolución foi desigual entre os diferentes estratos.

As bateas, que representan o maior volume de facturación, rexistraron unha diminución global do -12,02% no período analizado, pasando de 159,13 millóns de euros en 2011 a preto dos 140 millóns de euros en 2023. O descenso foi particularmente notable no ano 2013, seguido dunha repunta importante en 2021, antes de volver a caer en 2023.

Os parques de cultivo amosaron unha tendencia crecente ata o ano 2015 e un importante descenso no ano 2017. Acadaron a súa máxima facturación ano 2021, con 23,63 millóns de euros, antes de descender notablemente a 12,17 millóns de euros en 2023.

Os criadeiros, granxas, liñas e gaiolas, pola súa banda, rexistraron unha evolución máis estable ata 2021, despois do descenso de 2013. En 2011, a súa facturación era de 106,71 millóns de euros, caeu ata 84,90 millóns en 2013, pero recuperouse ata alcanzar os 111,65 millóns en 2021. En 2023, experimenta un aumento significativo, ata acadar os 137,92 millóns de euros, o que representa un aumento do 29,3% respecto ao valor inicial de 2011. Este crecemento destaca a súa importancia estratéxica dentro do sector acuícola galego.

Táboa 41. Evolución da facturación na acuicultura por estrato. Período 2011-2023

	Facturación total (miles de euros)						
CALADOIRO	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2023
Bateas	159.131	116.707	136.831	133.874	130.206	179.306	139.996
Parques de cultivo	10.531	16.084	18.122	8.449	15.379	23.632	12.173
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	106.714	84.901	92.979	114.699	109.006	111.648	137.922
Total	276.376	217.692	247.932	257.022	254.591	314.585	290.092

A facturación media por persoa ocupada na acuicultura en Galicia experimentou un incremento significativo no período 2011-2023, alcanzando un valor total de 65.043 euros en 2023, fronte aos 46.250 euros en 2011, o que representa un crecemento do 40,63%. Non obstante, a evolución foi desigual entre os diferentes estratos.

Táboa 42. Evolución da facturación por persoa ocupada na acuicultura por estrato. Período 2011-2023

	€/ Persoa ocupada						
CALADOIRO	2011	2013	2015	2017	2019	2021	2023
Bateas	34.505	27.840	30.985	34.415	32.237	47.251	45.029
Parques de cultivo	14.845	20.541	20.457	12.686	19.199	27.770	16.608
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	163.067	118.072	143.596	170.366	139.394	144.248	223.175
Total	46.250	38.231	41.674	49.151	45.285	58.045	65.043

As bateas, que agrupan a maior parte da ocupación no sector, incrementaron a facturación por persoa ocupada de 34.505 euros en 2011 a 45.029 euros en 2023, o que supón un aumento do 30,5%. Non obstante, supón un lixeiro descenso do -4,7% con respecto ao ano 2021, cando se alcanzaron os 47.251 euros por traballador/a, o valor máis alto do período.

Os parques de cultivo tamén amosaron variacións importantes. En 2011, a facturación por persoa ocupada neste segmento era de 14.845 euros, en 2021 alcanzouse un máximo de 27.770 euros, antes de descender de maneira significativa a 16.608 euros por persoa ocupada en 2023.

Os criadeiros, granxas, liñas e gaiolas destacaron como o estrato con maior facturación media por persoa ocupada, cun aumento significativo de 163.067 euros en 2011 a 223.175 euros en 2023, o máis alto do período, o que representa un crecemento do 36,86% con respecto ao ano 2011.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR